

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao contrarreformado e máis restritivo, oneroso e privatizador procedemento de acceso á nacionalidade española.

Exposición de motivos

O novo procedemento para acceder á nacionalidade española establecido na nova lei 19/2015 do 13 de xullo de medidas de reforma administrativa no eido da administración de xustiza e do rexistro civil comporta novas e restritivas condicións para o colectivo de persoas susceptibles de acollerse ao referido trámite legal. O trámite resulta agora moi gravoso economicamente, adianta a privatización de parte do seu procedemento e impón probas obrigatorias baseadas no problemático concepto de integración.

O endurecemento da lei supón máis e máis atrancos a unha norma que xa puña difícil - antes da súa contrarreforma - o acceso á nacionalidade, agás dispoña un de riqueza e patrimonio porque entón todo son facilidades. Outra aplicación práctica desa solidariedade de clase que amosan as clases poseedoras, na antigüidade cos pactos de hospitalidade como na actualidade coa compra da nacionalidade. Só no exercicio 2014 denegáronse un total de 33.415 solicitudes de nacionalidade por residencia, un 35,6% das presentadas.

As denegacións non cesan de crecer dende a posta en marcha do chamado plan intensivo de nacionalidade (PIN), cuxa razón de ser aparentaba ser reducir o enorme retraso acumulado no trámite das solicitudes de nacionalidade, en coincidencia coa entrega da revisión dos expedientes ao colexio de rexistradores da propiedade. A redución dese enorme volume de solicitudes está a comportar un crecente número de denegacións, ao punto de caer do 95% a menos de dous terzos aquelas que son aceptadas.

Co procedemento contrarreformado que recolle a nova lei as persoas que soliciten a nacionalidade terán que aboar nos diversos trámites obrigatorios non menos de 325 euros por persoa, e iso sen botar as contas dos desprazamentos que terán que realizar con ocasión desas xestións.

Co procedemento contrarreformado da norma, as persoas que soliciten a nacionalidade terán que realizar un exame de cultura española logo de viviren e traballaren anos abondo no noso país como para prexulgar por parte da administración pública a sospeitosa condición de ignorantes respecto da cultura da sociedade de acollida; a realidade adoita ser inversa, as persoas solicitantes saben máis do noso país que dende logo nós do seu. Esa proba ten unha pretensión asimilista e discriminadora que non podemos menos que rexeitar. A ulterior proba de castelán para aquelas persoas que non o tiveran como lingua materna abonda na elevación a práctica legal o racismo frío ou moderado do Partido Popular.

Co procedemento contrarreformado xa en vigor, o goberno central - coa colaboración do goberno galego – converte parte do trámite nunha oportunidade de negocio privado o subcontratar o Instituto Cervantes a proba a unha academia privada, que a súa vez se lucra cun curso preparatorio.

Contrarreforma que cae sobre un colectivo que retrocedeu ate 2008 en canto ao número de persoas que viven e traballan en Galicia, ao se reducir o número de residentes de de case 110.000 a 98.245 persoas como recolle a memoria da Fiscalía de 2014. Cunha media de nacionalizacións de preto de tres mil anuais, agás o pico de 2013 provocado polos retrasos previos.

Falabamos da colaboración da Xunta con esta modalidade de racismo moderado, cando por exemplo publícase no DOG do 10 de novembro, a orde pola que se regula o procedemento para a emisión do informe sobre o esforzo de integración da persoa estranxeira no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta ordena este informe de esforzo de integración abrindo a porta ao negocio privado como recolle o artigo 6.2 da devandita orde. Informe que esixe un curso de 40 horas como mínimo e entre cuxos contidos formativos non se recollen os referidos á interculturalidade. Informe que non garante nada ao ser nada máis que un posible recurso de alegación de non acreditar algún dos outros requerimentos previstos nesa fría e moderada lexislación estatal racista.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a dirixirse ao goberno do Estado para que anule as dúas novas probas privatizadas e de carácter obrigatorio e oneroso, contempladas na lei 19/2015 do 13 de xullo de medidas de reforma administrativa no eido da administración de xustiza e do rexistro civil para acceder á nacionalidade española.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a dirixirse ao goberno do Estado para que se elimine o chamado informe sobre o esforzo de integración.

En Compostela, a 2 de febreiro do 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 01/02/2016 12:34:44

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 01/02/2016 12:34:53

Eva Solla Fernández na data 01/02/2016 12:34:55

Anton Sánchez García na data 01/02/2016 12:35:00

Ramón Vázquez Díaz na data 01/02/2016 12:35:02

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 01/02/2016 12:35:04